

COLOQUIO GALAICO-PORTUGUÉS SOBRE INCENDIOS FORESTAIS

# Unha nova xeración de lumes?

Consello da Cultura Galega  
Santiago de Compostela  
18 e 19 de xaneiro do 2018



Nos últimos tempos estase a constatar que os incendios forestais afectan cada vez con máis virulencia a edificacións e persoas. Esa interface urbano-forestal que até hai pouco só illadamente era pasto das lapas agora vese decote ameazada polos lumes, de tal xeito que a súa protección se converte no obxectivo prioritario dos operativos de extinción. Así mesmo, semella que a extensión e a intensidade dos incendios se van incrementando como consecuencia de situacións meteorolóxicas especialmente adversas así como co amoreamento excesivo de combustibles. Para moitos, o cambio climático pode estar detrás destas novas condicións.

Todo isto leva a diversos analistas a falar de que estamos diante dun cambio cualitativo na incidencia e características dos incendios forestais que non fará máis que incrementarse nos próximos anos. Fálase dunha nova xeración de lumes.

Para tratar destes temas, en territorios tan castigados polos lumes como Galicia e Portugal, o Consello da Cultura Galega (CCG) organiza este coloquio, no que se tenta definir até onde sexa posible esta nova situación e discutir que medidas deberían implementarse para atenuar os seus eventuais impactos.

## PROGRAMA

### XOVES, 18 DE XANEIRO

#### Sesión da mañá

10:00 horas. Inauguración

10:15 horas  
*Historia dos incendios forestais en Galicia e Portugal*

**Francisco Díaz-Fierros**, CCG

11:15 horas  
*Cambio climático e incendios forestais*  
**José Antonio Vega**, Centro de Investigación Forestal de Lourizán

12:15 horas. Pausa

12:45 horas  
*Desestruturación do medio rural*  
**Edelmiro López**, Universidade de Santiago de Compostela

17:00 horas  
*Orde e desorde no espazo forestal*  
**Juan Picos**, Universidade de Vigo

18:00 horas  
*Cambio nos usos das terras e vulnerabilidade aos incendios*  
**Francisco Sineiro**, Universidade de Santiago de Compostela

### VENRES, 19 DE XANEIRO

#### Sesión da mañá

10:00 horas  
*Lumes na interface urbano-forestal*  
**Luciano Lourenço**, Universidade de Coimbra

11:00 horas  
*Preparação do sistema de defensa para comportamento extremo de lume*  
**António Salgueiro**, Universidade Lusófona do Porto

12:00 horas. Pausa

12:30 horas  
Mesa redonda  
*Medidas de prevención e atenuación para unha nova xeración de lumes*  
Modera: **Francisco Díaz-Fierros**

Juan Picos  
Luciano Lourenço  
Edelmiro López  
Antonio Salgueiro  
Francisco Sineiro

## **ORGANIZA**

Sección de Ciencia, Natureza e Sociedade (CCG)

## **COORDINA**

Francisco Díaz-Fierros Viqueira

## **LUGAR**

Consello da Cultura Galega

Pazo de Raxoi, 2º andar

Praza do Obradoiro, s/n

15705 Santiago de Compostela

Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

## **INSCRICIÓN**

A inscrición é gratuíta.

O número de prazas é limitado (100 persoas).

As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Entregarase diploma acreditativo de asistencia ao coloquio.

Para obter o diploma é preciso asistir ao 75% das sesións.

## **MÁIS INFORMACIÓN**

[www.consellodacultura.gal](http://www.consellodacultura.gal)

[difusion@consellodacultura.gal](mailto:difusion@consellodacultura.gal)

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal/mediateca>

